



**Dirección Xeral de Formación Profesional
Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia**

Programación da disciplina

Nome do centro: **EASD Mestre Mateo**

Titulación: **EE.AA.SS. DESEÑO DE PRODUTO**

Materia: **Materiais e Tecnoloxía Aplicados ao Deseño de Produtos**

Disciplina: **Deseño gráfico aplicado aos produtos**

Curso: **2º**

Carácter: **Obrigatoria na Especialidade (O.E.)**

Tipo: **Teórico-práctica (T.P.)**

Docente: **Miguel Rey Kochinke**

Ano académico: **2023-24**



Índice

1	Identificación e contextualización.....	3
2	Organización dos contidos.....	4
3	Avaliación.....	6
	3.1. Criterios de avaliación.....	6
	3.2. Procedemento.....	8
	3.3. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	10
	3.4. Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación.....	12
	3.5. Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais.....	12
4	Metodoloxía, recursos e actividades complementarias.....	12



1 Identificación e contextualización

Idiomas	Español, Galego
Departamento	Deseño de Produto
Profesor/a	Miguel Rey Kochinke
Correo electrónico	miguelreyk@gmail.com (preferentemente), mrk@edu.xunta.es
Web	www.easd.es
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: 6 Horas totais: 150 Horas de clase semanais: 3 Horas de clase no curso: 108 Horas de traballo non presencial: 42 Horas titorías: 3
Horario	Horario de clase semanal: <ul style="list-style-type: none">▪ (Grupos A y B): Martes de 10.00 a 11 e 11.20 a 12.20 , e venres de 10.00 -11.00 Horario de titorías: (no decidido) <ul style="list-style-type: none">▪ Xoves de 9.00 a 11.00
Descritores	<ul style="list-style-type: none">– Coñecemento e análise das distintas técnicas de presentación dixital.– Representación gráfica mediante medios dixitais.– Deseño gráfico aplicado a envases e embalaxes.– Tecnoloxía dixital de debuxo vectorial, de tratamento de imaxes e de edición de maquetación.– Concepto de deseño gráfico. Ámbitos de aplicación. Síntese histórica. Estilos e deseñadores/as.– Principios e obxectivos da comunicación. Linguaxe do deseño gráfico. Tipografía. Tratamento da información.– Identidade corporativa, verbal e visual. Formatos regularizados. Sistemas de impresión.



2 Organización dos contidos

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
0	<p>Presentación da asignatura. Programación, metodoloxía e sistema de funcionamento. Aula virtual. Aistencia. Entregas e criterios de cualificación definidos en cada práctica.</p> <p>AVALIACIÓN INICIAL:</p>	<p>test +</p> <p>Selección dos mellores traballos e presentación en clase, proxectados</p>	<p>1h</p> <p>3+3 h</p>	<p>Semana 1</p> <p>Semanas 2 y 3 <i>setembro</i></p>
1	<p>INTRODUCCIÓN: DESEÑO GRÁFICO E PRODUTO Conceptos básicos. Funcións. Disciplinas. Interrelación do deseño gráfico e o produto. As diferentes funcións do deseño gráfico na comunicación dos produtos: Función informativa, comunicativa, e persuasiva.</p>	<p>Clase expositiva. Toma de apuntes na libreta Observación e análise.</p>	<p>3 h</p>	<p>Semana 4 outubro</p>
2	<p>GRÁFICA APLICADA Á COMUNICACIÓN IMPRESA DOS PROXECTOS DE PRODUTO.</p> <p>Proxectos impresos e memorias. Diseño da información. Principios básicos da tipografía. Codificación tipográfica. Xerarquía, expresividade e lexibilidade. Formatos e soportes. Impreso e dixital. Maquetación e composición da páxina. Diseño da información. Codificación tipográfica A metodoloxía do deseño gráfico aplicada ao proxecto. Tecnoloxía dixital para a presentación e comunicación impresa do proxecto: Software de maquetación. Illustrator multipáxina e Indesign. Nocións básicas de impresión offset e dixital. Soportes habituais de comunicación dos produtos. Tipoloxías. Catalogos, folletos descriptivos, manuais técnicos, instrucións.</p>	<p>Planexamento e desenvolvemento dun caso: folleto /catálogo informativo impreso de produto</p> <p><i>-desexable coordinación con proxectos 1</i></p>	<p>18 h</p>	<p>Semana 5-10 <i>oct nov</i></p>
3	<p>GRÁFICA APLICADA Á COMUNICACIÓN AUDIOVISUAIS DE PROXECTOS. DISEÑO DE PRESENTACIÓNS.</p> <p>Tecnoloxía dixital para a presentación audiovisual e comunicación do proxecto. Principios para a presentación de proxectos para defensa audiovisual ante o cliente: Adaptación os dispositivos de saída. Formato, tipografía, peso dos arquivos. Tratamento de imaxes. Maquetación e composición da páxina Narración e discurso falado escrito Interactividade. Síntese histórica do deseño gráfico. Estilos e deseñadores</p>	<p>Clase expositiva. Toma de apuntes na libreta.</p> <p>Practica de deseño dunha narración a partir dun contido, en formato dixital para presentación audiovisual.</p> <p>Practica de deseño dun proxecto, en fimpreso para presentación o cliente</p> <p><i>-desexable coordinación con proxectos 1</i></p>	<p>15 h</p>	<p>Semana 11 – 15 <i>nov-dec</i></p>



4	FUNDAMENTOS DO DESEÑO GRAFICO A GRÁFICA INTEGRADA NO PRODUCTO Principios de teoría da imaxe. Grado de iconicidade. Iconos e imaxes sintéticas. Representación gráfica de conceptos. Esquematzacións e representacións de procesos Interfaces.	Practica de deseño gráfico aplicado a un produto. > Exposición dos resultados na escola	19 h	Semana 16 - 22 <i>ene- feb</i>
5	GRÁFICA APLICADA Á COMUNICACIÓN DO PRODUTO DESEÑO DE MARCAS PARA PRODUCTOS Introdución ao concepto de imaxe corporativa. Identidade corporativa, verbal e visual Creación da imaxe do produto: marcas e logos Identidade corporativa verbal e visual O Manual de marca. Aplicacións. Presentación visual do proxecto corporativo. Nocións básicas de impresión As publicacións en sitios web. Alternativas	Planexamento e desenrolo dun caso: deseño de unha marca para un produto. Definición/concreción da sua imaxe de marca. <i>desexable coordinación con proxectos 1</i>	15 h	Semanas 23 - 26 <i>marzo- ab.</i>
6	GRÁFICA APLICADA Á COMUNICACIÓN DO PRODUTO PACKAGING: DESEÑO DE ENVASES Conceptos e elementos básicos no deseño de envases e etiquetas. Análise, público, marca, deseño. Clasificación e funcións do envase. Función practica e función comunicacional. Materiais. Impresión e acabados. Maquetas	Planexamento e desenrolo dun caso hasta a sua realización volumétrica: deseño centrado na funcion comunicacional do packaging de un produto <i>-desexable coordinación con proxectos 1, e fotografía artística (ciclo)</i>	18 h	Semanas 27 - 32 <i>abril -maio</i>
	ENTREGA DE TRABALLOS E PROBA FINAL ORDINARIA	A Dirección publicará as datas e horarios concretos na web da escola.		Semana 33- 34
	EXAME FINAL EXTRAORDINARIO	A Dirección publicará as datas e horarios concretos na web da escola.		Semana 38



3 Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

Os criterios son acordes cos establecidos na lexislación vixente: *DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia*

CRITERIOS DE AVALIACIÓN COMÚNS ÁS TITULACIÓNS DAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

1. Afacerse ás condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
2. Amosar condutas de liderado responsable na xestión de grupos de traballo.
3. Amosar unha actitude autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersoal.
4. Amosar unha actitude de responsabilidade no uso dos medios e recursos ao seu alcance en relación co patrimonio cultural e ambiental.
5. Apreciar a importancia da sensibilización social respecto do valor do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.
6. Apreciar a sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.
7. Colaborar de modo integrado en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
8. Esforzarse no traballo autónomo.
9. Formular razoada e criticamente ideas e argumentos.
10. Localizar e compilar información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
11. Manexar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
12. Manexar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
13. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
14. Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
15. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
16. Usar as habilidades comunicativas e amosar unha actitude crítica construtiva no traballo en equipo.
17. Valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS DO TÍTULO SUPERIOR DE DESEÑO

1. Amosar unha actitude aberta e positiva respecto das novidades tecnolóxicas, estéticas, sociais e artísticas máis recentes.
2. Aplicar a capacidade de recoñecemento organoléptico e sensorial dos materiais e produtos que interveñen no deseño.



3. Desempeñar eficazmente o traballo especializado en equipos multidisciplinares afectos a proxectos complexos.
4. Coñecer as tipoloxías históricas máis salientables desde o punto de vista estético, funcional e significativo do deseño.
5. Coñecer en profundidade o proceso proxectual nas súas dimensións estética, funcional e técnica.
6. Coñecer as implicacións sociais, económicas e laborais do deseño como feito diferencial nas sociedades avanzadas.
7. Coñecer o contexto social, cultural e económico en que se desenvolve a práctica profesional, con especial atención ao seu contorno máis inmediato pero con atención á súa dimensión global.
8. Coñecer e usar as metodoloxías de estudo e investigación que lle permitan a optimización de recursos e a innovación na súa actividade profesional.
9. Coñecer as características estéticas e funcionais dos produtos deseñados relacionándoas co contexto social, económico e cultural en que se produce.
10. Coñecer os valores significativos do deseño e aplicarlos na actividade proxectual propia.
11. Coñecer en profundidade os materiais propios da súa actividade e prescribir o uso destes en relación coa optimización ergonómica do seu uso e goce, e segundo os criterios dunha economía sustentable.
12. Incorporar á súa actividade as tendencias estéticas e culturais con criterios de significación.
13. Controlar e defender os propios criterios estéticos na mellor defensa dos intereses dos/as consumidores/as, usuarios/as e clientes/as.
14. Introducir no proceso proxectual os valores da creación, a recreación e a innovación como valor engadido ao produto.
15. Expoñer verbal e documentadamente os seus proxectos, en calquera das fases de elaboración destes, a profesionais do sector usando o vocabulario e técnicas de comunicación adecuadas.
16. Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre a actividade proxectual propia e allea.
17. Expresar a través de recursos técnicos e intelectuais asimilados aos propios conceptos, coñecementos e posicións estéticas.
18. Identificar, coñecer e analizar un repertorio amplo e actualizado de propostas estéticas e funcionais que permita un enriquecemento das propias.
19. Identificar e describir os principios teóricos do deseño.
20. Identificar os principios filosóficos, culturais e políticos dos principais movementos artísticos e intelectuais e describilos de forma clara e completa.
21. Coñecer, describir e analizar as características dun conxunto suficientemente amplo de obras máis representativas do deseño en xeral.
22. Incorporar de xeito creativo e razoado os valores creativos máis significativos da historia do deseño á propia actividade.
23. Ler e interpretar correctamente a documentación gráfica, infográfica e volumétrica que integra o proceso proxectual.
24. Utilizar os métodos de traballo máis apropiados para aumentar a eficiencia e a eficacia da propia actividade como deseñador/a.
25. Manexar recursos expresivos e comunicativos propios do deseño na formulación de propostas e proxectos.
26. Recoñecer os materiais empregados na materialización dos deseños, o proceso da súa produción, transformación e posta a punto como parte integrante do deseño.



27. Recoñecer valores significativos nos deseños alleos, tanto actuais como históricos, desde unha posición de crítica intelectual.
28. Entender a autoformación como un dos recursos máis valiosos para a mellora persoal e profesional ao longo da vida.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS DO TÍTULO SUPERIOR DE DISEÑO NA ESPECIALIDADE DE PRODUTO

1. Aceptar e respectar as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar na redacción dun proxecto de deseño dun produto.
2. Comunicar, como deseñador/a, a estrutura, funcionalidade, valores estéticos de significación e características do proxecto dun produto, nun contexto artesanal ou industrial determinado.
3. Coñecer as implicacións técnicas máis significativas que supón a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolverlas nas súas aplicacións prácticas, con independencia do xeito concreto da forma de produción en que se atope.
4. Coñecer os procesos e recursos propios do traballo de deseño en equipo multidisciplinar, mostrando capacidade de adaptación e flexibilidade ante as exixencias do traballo e capacidade de integración no grupo.
5. Construír unha idea da actividade do/a deseñador/a de produtos coherente e propia, con independencia das relacións de produción concretas.
6. Debater e explicar verbalmente as súas formulacións proxectuais a fabricantes, clientes/as ou usuarios/as, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión destas a colectivos diversos.
7. Dominar a lectura de necesidades funcionais e a formalización de respostas coherentes no deseño e na produción de obxectos.
8. Interactuar de xeito coherente e eficaz en todo tipo de proxectos de deseño de produtos participativos, con independencia do seu ámbito de formalización, complexidade ou produción.
9. Interpretar a propia actividade como deseñador/a de produtos como unha oportunidade de posta en marcha de prescricións que contribúan ao desenvolvemento de actividades produtivas economicamente sustentables.
10. Dar resposta na propia actividade como deseñador/a de produtos ás exixencias ergonómicas, funcionais, construtivas e proxectuais que atendan á diversidade do ser humano practicando un deseño para todas as persoas.
11. Actualizar permanentemente información relativa aos cambios sociolóxicos, ás relacións de produción e distribución de produtos e incorporar as súas consecuencias á propia actividade de deseño.

3.2. Procedemento

O alumnado disporá de dúas convocatorias por curso. Unha convocatoria e avaliación Ordinaria e unha convocatoria e avaliación Extraordinaria para acadar os coñecementos sinalados no currículo das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño.

As horas totales da asignatura son 150, das cuales de clase son 108, e 42 h de traballo non presencial, polo que @s alumn@s deberán sólamente entre un 30-35 % do traballlo fora da aula. (Una hora e media semanal de traballo fora da aula)

Plantéxase unha avaliación continuada, cunha avaliación inicial e a posibilidade de recuperación mediante unha nova entrega dos traballos non aprobados, na convocatoria ordinaria.

As clases son sesións de 1 e 2 horas. A sesión de dúas horas conta coma unha unidade de clase. Ao comenzo da clase controlarase a asistencia, dentro dos dez minutos iniciais. Aos 10 minutos do escomenzo da clase os alumnos non presentes constarán coma "falta de asistencia" para o computo de faltas.

A partir de unha ausencia de mais do 20% das horas (108 horas, o 20% son 21,6 horas, por tanto estableceuse que se acada o faltar mais de 21 horas), o alumno non perde o dereito a avaliación continúa, pero debido a imposibilidade de de facer un seguimento adecuado e comprobar a autoría dos traballos entregados, pódesele pedir que entregue os traballos, ou faga as probas teóricas necesarias na convocatoria ordinaria, e en estes traballos, e non acadará unha calificación superior a 7, na calificación final. (Tópase en 7 a nota máxima acadada).

Avaliación Ordinaria

O procedemento da Avaliación Ordinaria das Ensinanzas Artísticas Superiores é de carácter continuo e implica a asistencia regular ás clases e realizar as probas teóricas ou prácticas das disciplinas que forman parte do currículo dos estudos nas datas sinaladas o longo do curso.

Non se recollerán exercicios e traballos fóra de prazo.

O alumnado que non teña unha asistencia regular ás clases, sempre que teña unha causa xustificada e poida acreditarla documentalmente, poderá solicitar na secretaría do centro mediante o impreso correspondente, a anulación da convocatoria ordinaria con anterioridade á data marcada para facer dita solicitude no calendario escolar do curso.

Nos 15 días seguintes á realización de cada proba ou entregas parcial, o docente facilitarán ao alumnado a cualificacións das mesmas, en base os criterios de cualificación definidos en cada práctica, en base aos criterios de avaliación marcados pola Guía Docente e aos instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación marcados na Programación da disciplina.

A nota do período da Avaliación Continua Ordinaria sairá do resultado de facer a media das probas e entregas solicitadas durante o curso nas porcentaxes marcadas nos criterios de cualificación da programación.



Os seis bloques principais, deben ser aprobados. En caso de non acadar unha nota media de 5 puntos en cada un dos bloques principais, o profesor indicarlle o alumn@, que debe presentar os traballos suspensos na fecha da convocatoria definida para o examen, e a necesidade ou non de presentarse a correspondente proba teórica.

MODALIDADE DE AVALIACIÓN PARA MENOS DO 80% DE ASISTENCIA:

A partir de unha ausencia de mais do 20% das horas (72 horas, o 20% son 14,4 horas, por tanto estableceuse que se acada o faltar mais de 14 horas), o alumno non perde o dereito a avaliación continúa, pero debido a imposibilidade de de facer un seguimento adecuado e comprobar a autoría dos traballos entregados, pódesele pedir que entregue os traballos, ou faga as probas teóricas necesarias na convocatoria ordinaria, e en estes traballos, e non acadará unha calificación superior a 7, na calificación final. (Tópase en 7 a nota máxima acadada).

Avaliación Extraordinaria

O alumnado que non acade no proceso de avaliación continua unha nota suficiente para superar a disciplina (5) terá a posibilidade de presentarse a convocatoria extraordinaria no mes de xunio, en fecha e horas publicada na web da escola.

Para optar a nota final consistente na media das partes que forman a proba extraordinaria, o alumnado terá que acadar un 5 en cada unha delas, tanto na proba teórica, coma na práctica.

A falta de asistencia o primeiro día de realización das mesmas, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma

3.3. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

Porcentaxes de cualificación na convocatoria ordinaria

Instrumentos de avaliación	CONVOCATORIA ORDINARIA
Memorias / Probas teóricas¹	15% Total



BLOQUE CONTIDOS 1	3%
BLOQUE CONTIDOS 2	2%
BLOQUE CONTIDOS 3	2%
BLOQUE CONTIDOS 4	3%
BLOQUE CONTIDOS 5	3%
BLOQUE CONTIDOS 6	2%
Proxectos / Probas prácticas	70% Total
BLOQUE CONTIDOS 2	20%
BLOQUE CONTIDOS 3	10%
BLOQUE CONTIDOS 4	15%
BLOQUE CONTIDOS 5	15%
BLOQUE CONTIDOS 6	10%
Traballo diario²	15%

Os obxetivos e criterios de cualificación de cada práctica / proxecto, se definen especificamente no documento que se entrega o comezo de cada unha delas, e ques e recollerán tamén na aula virtual.

¹ Debido ao carácter eminentemente práctico dalgúns disciplinas esta porcentaxe poderá ser asumida e valorada mediante a aplicación da teoría nos proxectos, exercicios ou probas prácticas expostas, polo que a porcentaxe deste apartado sumarase ao que corresponda.

A parte teórica se evalúa especificamente mediante:

- A recollida de contidos en forma de apuntes, nunha libreta tamaño A5 preferentemente, que será revisada e avaliada tres semanas da avaliación ordinaria. En caso de non ter recollida suficientes contidos, e obter unha nota inferior a 5, deberase presentar a unha proba teórica na convocatoria ordinaria.
- As memorias de proxecto. Nelas pódese comprobar a asimilación de conceptos e terminoloxía clave da materia.

²Avaliación de actitudes: Observación directa das actitudes:

Puntualidade. Puntualidade nas entregas.



Atención e respecto na aula.

Non falar mentras fala o profesor ou alumno que fale para todos, nin cuchichear con compañeiros.

Participación na aula. Actitude proactiva.

Perseverancia na búsqueda de solucións. Non conformarse coas pimeiras ideas.

Aceptación das críticas e obxetivos de mellora.

Actitude nos procesos de debate sobre solucións.

Facilitación da relación terlemática, claridade, poñerse no lugar do outro

Entregas para control e tutorización solicitados nas fases de documentación,

bocetación, e realización.

MODALIDADE DE AVALIACIÓN PARA MENOS DO 80% DE ASISTENCIA:

² Os alumnos que asistiron menos de un 80% das horas, poderán entregar os traballos na convocatoria ordinaria, e facer a proba teórica correspondente, pero verán a súa calificación final topada con unha cualificación máxima e 7, y a cualificación correspondente a actitude, se integrará na cualificación da parte teórica, sendo por tanto esta parte un 30% da nota final.

3.4. Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

Porcentaxes de cualificación na convocatoria extraordinaria

Instrumentos de avaliación	CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
Probas teóricas / Memoria	30%
Probas Prácticas / Proxectos	70%

A proba realizarase en fecha e aula aínda por concretar no momento da realización desta programación, que estará publicada na web da escola. Se comunicará ó alumn@ con mínimo unha semana de antelación, os materiais ou ferramentas necesarias para realizar as probas.



3.5. Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

Os alumnos con necesidades especiais deben comunicar o tutor ou profesores as suas probelmáticas ou necesidades, debendo os profesroes garda r a confidencialidade o respecto a lei de protección de datos. Debemos observar os comportamentos para detectar posibles casos de ansiedade, depresión, ou outros problemas psicolóxicos que dificulten a sua integración na aula.

4 Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

4.1. Metodoloxía:

A metodoloxía caracterízase por:

- Exposición dos contidos teóricos, tempo no que se debe tomar notas na libreta (A5). Maiormente o inicio da sesión, polo que é importante a puntualidade
- Mostra de multiples exemplos de proxectos publicados de referencia.
- Explicación e práctica dos contidos procedimentales.
- En canto a formación simultanea na asigantura de tecnoloxía dixital o permita, os recursos dixitáis serán de utilización preferente e as actividades educativas terán un carácter eminentemente práctico, que potencian a avaliación contínua,
- Desenvolvemento por parte dos alumnos dos exercicios e proxectos propostos.
- Investigación e traballo individual presencial e non presencial dos alumnos.
- Entrega impresa ou en medios físicos de proxectos resoltos por parte dos alumnos.
- Presentación e defensa na uala en público mediante PDF con proyector.
- Asistencia as titorías docentes para resolver dúbidas.
- Consulta de materiais didácticos, fontes bibliográficas e referencias na web.
- Non esta permitido o telefono movil nas clases, salvo indicación do profesor.
- Na fase de realizacion dos exercicios prácticos poderase entrar e sair da aula a disposición do interesado.

Actividades introductorias	Explicación aos alumnos/as dos contidos da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.
Exposición maxistral	Explicación por parte do profesor na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas. Clases telemáticas no caso de voltar á docencia online.
Prácticas presenciais	Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a



	partires dos contidos teóricos.
Prácticas non presenciais	Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.
Práctica individual	Desenvolvemento dos exercicios propostos en cada tema, mediante traballo presencial e non presencial, aplicando os coñecementos explicados na clase. Revisar e corrixir de forma continua o traballo de clase, individual ou de grupo. Constará das seguintes partes: <ul style="list-style-type: none">• Búsqueda de información. Toma de información, inspiración.• Investigación. Definición do traballo.• Formalización do proceso do proxecto• Presentación do Proxecto en soporte dixital ou gráfico.
Exposición e debate.	Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.
Titorías docentes	A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.
Actividades de avaliación	Formativa <ul style="list-style-type: none">- Comprender o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.- Adaptar os procesos aos progresos e dificultades. Sumativa <ul style="list-style-type: none">- Comprobar si se adquiriron as competencias previas.- Establecer balances dos resultados.
Actividades complementarias.	Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.

5 Recursos

Recursos mínimos:

Aulas con 15 mesas, e enchufes para portátiles

Proxector, conexións para portátil

Material para desenvolvemento de proxectos manuais na primeira fase. Papel, rotuladores de diferentes grosores, cartulinas, material adhesivo.

Os alumnos deberán aportar o seu portátil para a realización da maioría dos traballos.

6 Bibliografía

Fundamentos e aspectos xerais da disciplina:

- **AMBROSE, G. e HARRIS, P. Colección *Bases del diseño*. Editorial Parramón.**
- AMBROSE, G. e HARRIS, P. (2009). *Fundamentos del diseño gráfico*. Barcelona: Parramón.
- BERRY, S. e MARTIN, J. (1984). *Diseño y color. Cómo funciona el lenguaje del color y cómo manipularlo desde el diseño gráfico*. Barcelona: Blume.
- GÓMEZ PALACIO, B. e VIT, A. (2011). *Guía completa del diseño gráfico. Compendio visual y reseñado sobre el lenguaje, las aplicaciones y la historia del diseño gráfico*. Barcelona: Parramón.
- HOFFMAN, A. (1996). *Manual de diseño gráfico. Formas, síntesis, aplicaciones*. Barcelona: Gustavo Gili.
- **ORTEGA CARRILLO, José Antonio (1999). *Comunicación visual y tecnología educativa*. Granada: Grupo Editorial Universitario. Pp. 139-203.**
- SATUÉ, E. (2002). *El diseño gráfico. Desde los orígenes hasta nuestros días*. Madrid: Alianza.
- SCOTT, R. G. (2002). *Fundamentos del diseño*. México D.F.: Limusa.
- SWANN, A. (2002) *Bases del diseño gráfico*. Barcelona: Gustavo Gili.
- VV.AA. (2009). *Cómo combinar y elegir colores*. Barcelona: Gustavo Gili.
- **Unidades 2, 3, 4. Proxectos de diseño de superficies.**
- Metodoloxía
- **AMBROSE, G. e HARRIS, P. (2015). *Metodología del diseño: Bases del diseño*. Barcelona: Parramón.**
- MUNARI, B. (2002). *Diseño y Comunicación Visual. Contribución a una Metodología Didáctica*. Barcelona: Gustavo Gili.

Deseño editorial

- **AMBROSE, G. e HARRIS, P. (2012).** *Layout: Bases del diseño.* Barcelona: Parramón.
- KANE, J. (2012). *Manual de tipografía.* Barcelona: Gustavo Gili.
- HARVEY, W. (2004). *Diseño de catálogos y folletos 3.* Barcelona: Gustavo Gili.
- TAUTE, M. (2009). *Claves del diseño. Folletos.* Barcelona: Gustavo Gili.
- ZAPPATERRA, Y. (2009) *Diseño editorial. Periódicos y revistas.* Barcelona: Gustavo Gili.

Acabado final

- **AMBROSE, G. e HARRIS, P. (2015).** *Impresión y acabados: Bases del diseño.* Barcelona: Parramón.
- **Unidade 5. Gráfica de eventos de moda.**
- **CAPSULE. (2007).** *Claves del diseño. Logos.* Barcelona: Gustavo Gili.
- VICTION WORKSHOP LTD. (2010). *By invitation Only. Tempting Invite in DM Design.* Hong Kong: Victionary.
- **Unidade 6. Deseño de envases e etiquetas.**
- ADUCCI, B. e KELLER, A. (2009) *Claves del diseño. Packaging.* Barcelona: G. Gili.
- SOMOZA, E. e GANDMAN, A. (2004) *Packaging. Aprender el envase.* Buenos Aires: Nobuko.